



ANUNCIO

Extracto dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local do Concello de Marín, na sesión ordinaria que tivo lugar o **día 8 de agosto de 2018**.

1. Apróbase o borrador da acta da sesión ordinaria do 1 de agosto de 2018.
2. Apróbase o proxecto “Mantemento da estrada rural Chan de Piñeiro-Candóns (San Tomé, Marín)”, cun orzamento de 40.563,60 euros, excluído o IVE, incluído no Plan de Mellora de Camiños municipais 2018-2019, da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader), pola que se concedeu subvención ao Concello de Marín, por importe de 40.567,00 euros, correspondente ao 99,17 % do orzamento.
3. Acórdase o inicio do expediente de contratación da obra “Pavimentación e mellora do vial Camiño de Raposeiras”, cun orzamento base de licitación de 44.762,13 euros, excluído o IVE, cofinanciado nun 60 % con cargo á subvención concedida pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, por importe de 32.497,31 euros, ao abeiro da convocatoria de subvencións para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinadas a concellos de Galicia para o ano 2018.
4. Subsánase a solicitude de subvención para a contratación temporal polas entidades locais de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da RISGA, da Consellería de Economía, Emprego e Industria, engadindo determinados extremos ó acordo da Xunta de Goberno Local de data 07/02/2018, entre eles, a actualización, segundo as táboas de retribucións salariais vixentes, dos datos relativos ás retribucións salariais brutas dos traballadores.
5. Dáse conta das bases reguladoras das subvencións da Consellería de Política Social a corporacións locais para o investimento en centros de inclusión e emerxencia social e a inclusión social da poboación xitana, inmigrante e outras persoas en risco de exclusión, e da súa convocatoria para os anos 2018 e 2019.
6. Dáse conta das bases reguladoras das subvencións da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para a adxudicación de equipamentos de emerxencias, en réxime de concorrencia competitiva, e da súa convocatoria para o ano 2018.
7. **Rogos e preguntas.** Non se formulan.

A ALCALDESA-PRESIDENTA,

María Ramallo Vázquez.

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E300024CFA00P0X4Z7B9V7Q0 en https://sede.concellodemarin.es	FIRMANTE - FECHA	DOCUMENTO 20190150778
	MARIA PILAR RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 09/01/2019 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 09/01/2019 14:51:45	Fecha: 09/01/2019 Hora: 14:51